

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 21 DE OUTUBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteún de Outubro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martinez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 14 de Outubro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos de común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Dona Eudosia Casas López, veciña de Cartelle, para que nun inmovible sito na Estrada de San Paio, 64, da Gandarela, poida proceder á substitución do forxado do mesmo, salvo dereitos de terceiros. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é 99.727 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Emilio Ramón Martínez Rodríguez, veciño de Quins, do veciño Concello de Melón, no que interesa información urbanística aplicable a un terreo sito na rúa Irmás Alvarez Araújo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "A ubicación segundo o Estudio de Detalle Ribadavia Travesía cara San Paio, corresponde a RC Residencial Cerrada Ordenanza 14.2.- 14.2.- Ordenanza RC; Residencial Cerrada.- DEFINICION.- Espacio, en ordenación cerrada, con patios interiores, de uso xeralmente de vivenda en plantas altas e de varios usos na baixa. Na planta de soto só se permitirá o uso de garaxe-aparcamente ou como almacén anexo ó uso comercial en planta baixa.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de organización espacial.- NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: Vivenda agrupada (considérase coma tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio) e illada en edificios contiguos.- Industrial: industria compatible con vivenda.- Comercial: Tódolos graos.- Dotacional: Primeiro grao.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as de planeamento.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Solar mínimo: 60 m2; fronte mínima: 6 metros.- Poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- CONDICIONS DE EDIFICACION.-

Altura de cornisa (ms).	Nº plantas.	Fondo de edificación
13,50	4	20

O espacio interior do polígono delimitado trazando paralelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá.- Permítese o aproveitamento habitable baixo cuberta, debendo quedar unido á vivenda inferior. Se non se dá este exposto só poderá adicarse o baixo cuberta a trasteiros.

Visto o escrito de Don Marcial Díaz González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Irmás Alvarez Araújo, 20, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita no nº 16 do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "O Estudio de Detalle Travesía

cara San Paio preve para a zona de referencia a aplicación da ordenanza 14.2.- ORDENANZA RC.- RESIDENCIAL CERRADA.-
 DEFINICION.- Espacio, en ordenación cerrada, con patios interiores, de uso xeralmente de vivanda en plantas altas e de varios usos na baixa. Na planta de soto só se permitirá o uso de garaxe-aparcamente ou como almacén anexo ó uso comercial en planta baixa.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano de organización espacial.- NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.-
 Residencial: Vivanda agrupada (considérase coma tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivanda por edificio) e illada en edificios contiguos.- Industrial: industria compatible con vivanda.- Comercial: Tódolos graos.- Dotacional: Primeiro grao.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as de planeamento.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Solar mínimo: 60 m²; fronte mínima: 6 metros.- Poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- CONDICIONS DE EDIFICACION.-

Altura de cornisa (ms).	Nº plantas.	Fondo de edificación
13,50	4	20

O espacio interior do polígono delimitado trazando paralelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá.- Permítese o aproveitamento habitable baixo cuberta, debendo quedar unido á vivanda inferior. Se non se dá este exposto só poderá adicarse o baixo cuberta a trasteiros.

Visto o escrito de Don José González Domínguez, na representación da Empresa Construccións José González Domínguez, con domicilio social na rúa Ramal, 1, de Francelos, no que interesa devolución dunha fianza constituída no seu día respondendo das obrigas como contratista da obra nomeada "Entorno Casa de Cultura", por importe de 155.826 pesetas e, visto tamén o informe técnico correspondente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Dirección Xeral de Obras Públicas e Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Publicas e Vivanda, sobre adxudicación definitiva da concesión do servizo público

regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada entre Ribadavia e Salón (Boborás) con anexos: V-0758; XG-051, por substitución da concesión: V-0758; XG-051, de Ribadavia a Pazos de Arenteiro e Estación de Boborás.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación número 2 da obra nomeada "Saneamento en Ribadavia", por un importe total de 3.636.081 pesetas; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.272.628 pesetas; Deputación (F.P.), 1.272.628 pesetas e, Concello, 1.090.825 pesetas.

Vistos os informes realizados polo Servicio Social de Base, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder as subvencións que de seguido se detallan para a adquisición de material escolar a: Dona Purificación Rodríguez Iglesias, con domicilio na rúa Souto do Cano, 50 A Franqueiran, por importe de 25.000 pesetas; Dona María Luísa Rodríguez Pouso con domicilio na Estrada Nacional Vella 3, 2ºB San Paio, por importe de 10.000 pesetas; Dona Angeles Alonso Francisco, con domicilio na rúa Ribeiro, 46, 4ºB desta vila, por importe de 10.000 pesetas.

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 24 de Setembro de 1996 as Bases e Convocatoria pública para a provisión dos postos de traballo de carácter temporal para os postos de Monitor de Baloncesto, Monitor de Fútbol-Sala e dous Monitores de Balomán para desenvolver servizos proxectados polo Concello de Ribadavia para o ano 96/97, e unha vez transcorrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno na súa sesión ordinaria do 7 de Outubro examinado todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas e de acordo co informe do Director do Servicio Municipal de Deportes, acordou por unanimidade, formular proposta de resolución da presente Convocatoria propoñendo que se designase como Monitor de Balomán a Don Marcos Rodríguez Durán; tendo en conta a renuncia do proposto por razóns de estudos e cambio de residencia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e de acordo co informe do Director do Servicio Municipal de Deportes, acorda por unanimidade, formular proposta de resolución da presente convocatoria propoñendo que se designe como Monitor de Balomán a Don José Luis López Domínguez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha gratificación a Don Luis Manuel Rodríguez Gómez, peón de apoio á piscina, por importe de 67.500 pesetas que corresponde a 90 horas extraordinarias realizadas fora da xornada de traballo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Don José Miguelez Lorenzo 30 días de xornais por servicios de limpeza e outros prestados para este Concello, por importe de 71.670 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Don José Domínguez González 8 días de xornais por servicios de xardinería prestados para este Concello, por importe de 18.584 pesetas.

A Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Deputación Provincial de Ourense de 530.062 pesetas, cantidade correspondente á aportación do Concello a Axencia de Desenrolo Local no periodo comprendido entre o 11/94 a 11/96 de acordo co Convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ribadavia para cooperar ó desenvolvemento local.

Toma coñecemento a Comisión Municipal de Goberno da Resolución da Alcaldía de data 17 de Outubro de 1996 da completa entrega da segunda liquidación do ano 1996 á Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, por importe de 7.350.000 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.